

# A NOSA VOZ

• CEIP JOSÉ MARÍA LAGE •  
2015-2016  
• REVISTA ESCOLAR •



# SUMARIO



- As nosas festas: San Antonio de Espasante.
- Grupo de teatro os "Virullos".
- A nosa Patroa.
- Visita ao Belén da Igrexa de Ortigueira.
- Lemas de Paz
- Reto Quimions.
- Adeus Olga!
- Avoas e avós cantade con nós!
- traballo cooperativo
- Robótica educativa
- Vivendas do mundo
- Pequenos exploradores.
- Limpeza de praias.
- Excursión a Belelle.
- Pequenos grandes Chefs.
- Educación emocional.

## A NOSA VOZ

A elaboración desta revista non sería posible sen a colaboración de todos os **nenos e nenas** do CEIP José María Lage, das súas **familias**, dos **mestres e mestras** e dos **equipos** do centro que traballaron duro durante todo o curso escolar.

**GRAZAS A TODOS!**

Ata o curso que ven!

## CELEBRACIÓNS

- Rosalía de Castro.
- Letras Galegas: Manuel María.
- Nadal.
- Samaín.
- Entroido
- Día da Paz.
- O magosto.
- Día do libro.
- Xogos populares en Morouzos.





## AS NOSAS FESTAS SAN ANTONIO DE ESPASANTE

Imos falar dun porquiño moi especial, o **porco Antón**, o habitante máis simpático do pobo mariñeiro de Espasante. Esta graciosa historia din que deu comezo no século XIX, cando dun barco que transportaba animais, fuxiu un cochiño e os habitantes do pobo decidiron coidalo para rifalo polas festas do Nadal. Con aqueles cartos construíuse a **Capela de San Antonio**, onde os veciños van á misa.

Na actualidade a tradición continúa, e cada ano, antes da Lotería do Neno, véndense as **rifas**, resultando premiado o boleto cuxos números coincidan coas catro últimas cifras do premio de dita Lotería.

O afortunado recibe o porco e fai con el o que quere, vendelo, crialo, comelo, indultalo... Os cartos gárdanse para a celebración das festas, o día **13 de xuño, día de San Antonio**, que tamén ten lugar a poxa da cachucha e do rabo do animal á hora da sesión vermú.

Despois das festas, mércase outro porquiño para coidalo e gozar da súa presenza polas rúas de Espasante e pola praia, a onde vai bañarse cando fai moita calor, para alegría dos turistas e veraneantes, que entre todos o manteñen e lle dan de comer, igual que os nenos e a xente que o trata con moito cariño.

Xa sabedes, si queredes pasar uns días alegres e coñecer a Antón, pasade polo **Porto de Espasante**, estades todos invitados á festa.



Capela de S. Antonio



Porto de Espasante



Adela



## GRUPO DE TEATRO OS "VIRULILLOS"

O **grupo de dinamización da Biblioteca Escolar**, "Os Virulillos", presentaron durante o curso tres **obras de teatro** para todo o alumnado do Centro:

- Coincidindo co magosto, representaron **"Tempo de Outono"**, recitando poesías alusivas ao tema.
- No Nadal representaron a obra de teatro, **"El Pastor y la Estrella"**, e cantaron panxoliñas.
- Con motivo da celebración das Letras Galegas, fixeron un **"Telexornal Cultural do Ortegal"**, contando diferentes novas da bisbarra.

Tamén saíron a representar con grande éxito, as obras ás garderías: "Galiña Azul" e "Patucos".

Formaron parte do elenco os alumnos de 6º curso: **Lorena, Álvaro, Silvia, Aitana, Pablo, Adrián, Marta, Adela, Cecilia e Ana Beatriz.**

As profes **Marga e Luli** son as encargadas da dinamización.





## A NOSA PATROA

As **Festas Patronais de Ortigueira** celébranse cada ano na honra de **Santa Marta**, o día **29 de xullo**.

Como manda a tradición, comezan o 27 coa lectura do pregón e rematan o 31, coa xira campestre no piñeiral de **Morouzos**. Entre medias ten lugar a tradicional **“Saída de Bandas”**, a magnífica procesión de Santa Marta e a da Virxe da Caridade do Cobre, patroa de Cuba e dos emigrantes.

Completa o programa das festas unha ampla variedade de actos: desfile de bandas, concertos de música, espectáculos coas mellores orquestras, tómbolas, coches eléctricos, e moitos postos que enchen a Alameda de xolgorio.

Son días familiares nos que chegan os forasteiros e se come en familia a rica tarta de améndoa.



Erika Iglesias



## VISITA AO BELÉN DA IGREXA DE ORTIGUEIRA

Case a totalidade do alumnado do colexio visitou nos días previos ás vacacións de **Nadal**, o Nacemento, instalado na **igreja de Santa Marta**, onde escoitaron atentos as explicacións do cura, don Francisco Xavier, sobre a importancia do mesmo, xa que se trata dun Belén realizado en Santiago en **1924**, de gran relevancia no campo das artes decorativas de principios do **século XX**, sendo un escenario desmontable, disposto en varios niveis e con telóns intermedios que crean profundidade, acollendo as preciosas figuras do Portal, moitas das cales foron talladas non talleres cataláns de Olot (1880).

Ao longo de 90 anos os parroquianos da vila de Ortigueira montaron e desmontaron polo Nadal esta **xoia iconográfica do patrimonio galego**, feita por un dos artistas máis destacados de Galicia, **Camilo Díaz Baliño**, pintor, muralista e escenógrafo, pai de Isaac Díaz Pardo, fundador da fábrica de cerámica de **Sargadelos**.

Os nenos e nenas cantaron panxoliñas , ollaron o Nacemento, aprendendo con gusto o significado do Belén na nosa cultura cristián.



Belén da Igrexa de Santa Marta (Ortigueira), 1924.



# LEMAS DE PAZ

Nunca está de máis pararnos un momento a pensar aquelas cousas que nos axudan a crear **un mundo mellor**. Xustamente isto foi o que fixeron os alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria co gaio da celebración do **Día da Paz**.



Cuando quieres decir algo tener miedo y ser amable, elige ser amable.

No basta con ser amable. Tienes que ser un amigo.  
EL PRECEPTO DE CHARLOTE  
CODY  
IVAN  
ANDRÉS  
5º A

Es mejor conocer algunas preguntas que todas las respuestas.  
James Thurber  
Green Bellon Cheda  
5º A

Yo canto para que salga el sol  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir

D  
I  
A  
D  
A  
P  
A  
Z

5º A

Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir

(EL PRECEPTO DE ANOS CONTI)  
«No intentes ser guay. Siempre se nota, y eso no es guay.»

Las palabras arrastadas no cuenta mucho, pero consiguen muchas cosas.  
Blanca Pared  
5º Adrián Cobran Castro

"Si feliz te me como" (SHAKE SPARE)  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir

YO CANTEN LOS NIÑOS QUE VIVEN EN PAR.  
EN ELLO ESTA LA VERDAD  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir

YO CANTO PARA QUE ME DEJEN VIVIR  
Yo canto para que sonría mamá  
Que canten los niños que viven en par  
Duel 6º A  
Yo canto para que el cielo sea azul  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir

Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sea feliz  
Yo canto para que me dejen vivir  
Yo canto para que sonría mamá  
Yo canto para que me dejen vivir

6º A







Durante este curso escolar, o alumnado de 2º de EP e as súas mestras titoras participamos no **RETO QUIMIONS**, concretamente durante os meses de outubro e novembro.

Esta iniciativa partía dunha rapaza de A Coruña e tiña como finalidade intentar que o tratamento de quimioterapia e a estancia no hospital, fosen máis levadeiros, amenos e menos traumáticos para os nenos e nenas que padecen enfermidades graves.

O reto consistía en fabricar, antes do 30 de novembro, bolsas para recubrir as bolsas de soro e medicación.

Logo de atopar este chamamento na rede, as mestras de 2º de EP decidiron explicarnos en que consistía e facernos partícipes do reto. Así que nos puxemos mans á obra e este foi o resultado.



Puxemos fin ao reto entregando cada un a súa bolsa, na farmacia "Torres", punto de recollida na nosa localidade.



Alumnado de 2º



## ADEUS OLGA!

Después de ejercer durante muchos años su actividad docente, el pasado noviembre se jubilaba en el Ceip "José María Lage" de Ortigueira la querida maestra, doña Olga García Teijeiro, vecina de Viveiro. Olga de Canoura inició su brillante carrera en el barrio de Rentería (San Sebastián), en 1973, tras un corto periodo de excedencia, regresa a Galicia y durante doce años pasa por varias escuelas donde dejó innumerables amistades dado su campechano carácter. En el año 98 aprueba las oposiciones y recibe la definitiva en Salceda de Caselas.

En el 2008 recalca en Ortigueira y hasta hoy, que celebramos su jubilación, era una alegría diaria verla llegar cada mañana al colegio, donde sus compañeras y compañeros la

echan de menos y así se lo hicieron saber en la comida de despedida que organizaron en el Restaurante Planeta (Espasante) el día 11 de diciembre, recibiendo bonitos regalos y mejores palabras para el recuerdo.

Querida Olga, te queremos, dejaste huella, lo sabes y seguirás siendo una referencia para todos, por tu valentía, alegría y amor al trabajo bien hecho. Ahora a disfrutar de la jubilación "xunto ao teu Manolo", que bien merecido lo tienes. Feliz Navidad.



# AVOAS E AVÓS CANTADE CON NÓS !

Aula de música - Gloria Quintana



\* Tedes máis fotos das visitas á residencia de maiores na páxina web do centro

E imos xa pola cuarta edición dun proxecto que naceu na aula de música do colexio. Hai catro cursos que a profe de música Gloria propuxo aos nenos e nenas de cuarto, quinto e sexto preparar unhas panxoliñas para cantarllas ás avoas e aos avós do centro de maiores da nosa vila.

A idea entusiasmou aos rapaces e rapazas xa que era algo que non tiñan feito con anterioridade. Os profes do colexio mostraron unha boa acollida á actividade ofrecendo a súa colaboración.

Nestas catro edicións, cantamos paxoliñas en galego, algunhas acompañadas con instrumentos tradicionais -pandeiretas, tamboril...- outras en castelán e tamén nalgunha ocasión en inglés (coa colaboración da profe Belén) e tamén tocamos instrumentos, non pode faltar "Duérmete" coas frautas.

Os nenos e nenas esperan con expectación a visita aos maiores para pasar con eles un rato de lecer.





**Este foi o programa deste Nadal 2015**

**"AVOAS E AVÓS CANTADE CON NÓS"**

**CONCERTO:**

Duérmete ( 5º e 6º) FRAUTA

Cantade mociños ( 4º e 5º)

Aló entre as pallas ( 4º e 6º)

Klinguelinguelin ( 5º e 6º )

Las campanas (6º) FRAUTA

Navirock (6º) BAILE

Ande ande la marimorena ( 4º, 5º e 6º)





## ○ TRABAJO COOPERATIVO


Un curso máis os mestres e mestras de infantil, sexto curso e outros novos que se lles sumaron, seguiron apostando polo traballo cooperativo co fin de **impulsar ou complementar unha nova metodoloxía** nas aulas.


O traballo cooperativo vai máis aló do simple traballo en equipo aportando **múltiples beneficios**:

- Permite atender á **diversidade** do alumnado.
- Desenvolve **valores** de cooperación, solidariedade...
- Incrementa a **motivación**.
- Facilita o **desenvolvemento das competencias** básicas dos nenos e nenas.

A introdución e aplicación deste novo enfoque no centro non sería posible sen o noso **coordinador BASI**, o Rafa Nadal do cooperativo. O noso mesías.

***Botarémoste de menos Campión!!!***





## ROBÓTICA EDUCATIVA

O martes 31 de maio o **alumnado de 3º da ESO do IES de Ortigueira** e a súa profesora de **tecnoloxía Patricia Hermida** fixéronos unha visita acompañados duns amigos moi especiais: **uns pequenos robots Lego**.

Estes avanzados enxeñeiros do terceiro curso amosáronnos as partes, o funcionamento e os posibles usos destas máquinas programadas.

Mirade se eran intelixentes e educados que ata sabían dicir: *Hello!* Que contentas ían estar as mestras de inglés con estes robots na clase...

Ademais, **Alfonso, SPN, Álvaro e Tochini**, que así se chamaban estes robots, fixeron unha pequena competición de carreira. Quen credes que gañou?





# VIVENDAS DO MUNDO

Anímaste a facer un paseo polas distintas **vivendas que hai no mundo**? Cal é a que máis che gusta? Onde hai este tipo de vivendas? A **ver se as atopas no mapa**...

MONGULÚ

**Congo e centro África**

*Follas, ramas, paos...*

PALAFITA

**Chile, Argentina, Colombia Belice**

*Ramas, cañas...*



**Granada, Turquía, Irán...**

*Barros, area, pedras...*

**Mongolia**

*La, peles, paos...*


**Antártida e Alaska**

*Xeo*

CASA COVA

IURTA

IGLÚ



# PEQUENOS EXPLORADORES

Os nenos e nenas de 3º- B convertéronse en arqueólogos por un día para analizar as pegadas do pasado. Este foi o resultado:



Tamén aproveitaron a chegada da primavera para crear un bonito xardín de papel. Non esquezades regar as margaridas!



Alumnado de 3ºB





# II XORNADAS AMBIENTAIS DE LIMPEZA DE PRAIAS

O VENRES 27 DE MAIO, FUMOS Á FUN-  
DACIÓN ORTEGALIA. ALÍ ESTABAN EMMA E MAR-  
TA QUE SON MOI SIMPÁTICAS. NOS SEN-  
TAMOS DELNTE DE TODO. FRAN  
NIETO NOS EXPLICÓ COMO SE CON-  
TAMINA A PRAIA E COMO  
EVITALO. DESPOIS FALAMOS DO NOSO  
PROXECTO E VIRON O NOSO VÍDEO PROTESTA.



## VARIOS MOMENTOS DA CHARLA




# AUMOS RECOLECTAR LIXO A PRAIA DE MOROUCOS PARA QUE NUNCA COMAN OS ANIMAIS

CORDAS



MALLA PARA LATAS



NAIARA



LATAS



BOTES



BOLSA



BOLSAS



BOTES



BASTONCILLOS



Alumnado 5 Anos



#granxeiros

# EXCURSIÓN A BELELLE

MARTES 10 MAIO 2010

Onde fomos?

"EXCURSIÓN ANXA BELELLE"

EXCURSIÓN GRANXA BELELLE NEDA

FOMOS E AUTOS.  
EN AUTOBÚS



FIXEMOS 5 EQUIPOS

EIXAMOS PINTÁRONNOS

ACRA.  
CARA

Cores

1	AZUL	PAVOREAL
2	VERDE VERDE	GATOS
3	ROJO	CABALOS
4	AMARELOS	POLLITOS
5	NEGRO NEGRO	CONEXOS CONEJOS

Merenda

MERENDAMOS

ZUMO.



ZUMO

AEAS E

GALLETAS




2




## Que fixemos?

ESTIBO O S OJA E  
 ESTIVEMOS CON MONITORAS EN  
 5 O A OIR.  
 OBRADOIROS  
 MARU: FIGEMOS PAN.  
 FIXEMOS  
 VIKI: MONTAMOS EN POM.  
 VICKY  
 ALES: PLANTAMOS GISANTS.  
 ALEX GUISANTES  
 BEO: DOSE A A  
 BEGO DÈMOSLLE PAN  
 A K EA KA. 3  
 VACA CABRA

BA: ESEOUOS OOS  
 BEA ENSEÑUNOS OVOS  
 DOSLL MI AS  
 DÈMOSLLE MAIZ TIAS  
 P i KMS OS GALINAS  
 CLASIFICAMOS ANIMAIS QUE  
 ios E  
 VIMOS EN  
 ABS E Picos  
 AVES MAMÍFEROS  
 ESTS O S OS  
 ESTES SON OS NOSOS  
 DUS.  
 DEBUXOS



## Animais




# Como o pasamos?

CIOG AI AS KIDAS E NS  
 COMIMOS ALI COMIDINAS QUE NOS  
 PAE O AS NSA FMIAS -  
 PREPARARON NOSAS FAMILIAS  
 O OS A E A OS.  
 NON NOS MAREAMOS  
 AU I E DUIO.  
 ALGUNS VIÑEMOS DURMINDO  
 ASO E OI  
 PASÁMOLO MOI  
 E BEN 10

LEILA CARLOS TEO  
 NELLY ANTONIO PAUL  
 IVÁN INÉS REBECA  
 PABLO CELIA JOEL  
 SARA ALBA  
 EDUCACION INFANTIL  
 4 ANOS B "AMARLA"  
 AMARELA



Alumnado  
4 Anos B



# PEQUENOS GRANDES CHEFS



## MOUSSE DE CHOCOLATE

### Ingredientes:

- 150 gr. de chocolate negro en cachos
- 5 claras de ovo
- 175 ml de crema batida
- Cacao em pó e açúcar de confeiteiro para espolverar.



### Preparación:

- 1- Derreta o chocolate nun bol refractario colocado sobre unha pita con auga. Deixe arrefriar.
- 2- Bata as claras a punto de neve e incorporeas ao chocolate. Añada a crema batida á mestura con movementos envolventes. Arrefrie ata que este firme.
- 3- Para servir colóque tres porcións en cada prato, espolvereé con açúcar de confeiteiro e o cacao en pó.



Paola



## CALDERETA DE PEIXE E MARISCO



### Ingredientes:

- Aceite
- cebola
- allo
- farinha
- pimentón
- viño branco
- salsa de tomate
- azafrán
- perixel
- loureiro
- vinagre
- sal
- Peixe
- marisco



Botamos aceite, cebola picada abundante e allo. Esperamos con farinha e engadimos pimentón, viño branco, salsa de tomate, azafrán, perixel, loureiro, un chorro de vinagre e salamos.

Troceamos o marisco. Adobamos o peixe e logo botamos na cazola ou recipiente un fondo de salsa e poñemos encima o peixe e o marisco e aumentamos o caldo e o polbo.

Deixamos cocer uns vinte minutos e xa temos listo o prato.





# EDUCACIÓN EMOCIONAL

Ao longo de todo o curso, no marco da biblioteca escolar, desenvolveuse un proxecto sobre a educación emocional.

Este foi o resultado do noso traballo:



XXXXXX



XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX



# O MUNDO DAS EMOÇÕES

